

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LEIRAS PULPEIRO. LUGO

CURSO: 3º ESO

MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA

DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA

DATA: 12 MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

NOTAS:

Os códigos dos criterios de avaliación, correspóndense cos especificados no Decreto do 25 xuño de 2015, que establece o currículo da ESO e BAC en Galicia.

Os estándares de aprendizaxe sinalados en verde corresponde os impartidos de xeito presencial ata o 13 marzo, agás os agrupamentos que non se acadaron todos.

Os estándares de aprendizaxe sinalados en vermello poderán ser impartidos de forma telemática no 3º trimestre, aínda que serán obxecto de plans de recuperación e adaptación do currículo para o comezo do curso 2020-21.

Criterio avaliación	Estándares de aprendizaxe
	1ª AVALIACION
	BLOQUE 1: A ACTIVIDADE CIENTIFICA
B1.1	FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.
B1.3	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.
	FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.
B1.4	FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.
	BLOQUE 2: 2º ESO A MATERIA
B2.1	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.
B2.2.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.
	FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.
	FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.
	FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.
B2.3	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.
	FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.
B2.4	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.
	FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.
	FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.
B2.5	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	2ª AVALIACION
	BLOQUE 2: 3ºESO A MATERIA
B.2.1	FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.
	FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.
	FQB2.1.3. Relaciona a notación A_ZX co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.
B2.2	FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión
B.2.3	FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.
	FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.
B.2.4	FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.
	FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.
B2.5	FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.
B.2.6	FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos inorgánicos seguindo as normas IUPAC
	BLOQUE 3: OS CAMBIOS
B.3.1.	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.
B.3.2	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.
	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.

Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	3ª AVALIACION
	BLOQUE 4: O MOVEMENTO E AS FORZAS
B.4.1	FQB4.1.1. Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns. FQB4.1.2. Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analogías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.
B5.3	FQB5.3.1. Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor. FQB5.3.2. Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relaciónaas entre si empregando a lei de Ohm.
B5.4	FQB5.4.3. Aplica a lei de Ohm a circuítos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional. FQB5.4.4. Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuítos e medir as magnitudes eléctricas.
B5.5	FQB5.5.1. Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuítto eléctrico. FQB5.5.2. Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos. FQB5.5.3. Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuítto eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función. FQB5.5.4. Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.
B4.3	FQB4.3.1. Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas. FQB4.3.2. Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.
B4.4	FQB4.4.1. Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construíndo un electroimán. FQB4.4.2. Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.
	BLOQUE 5: A ENERXÍA
B5.1	FQB5.1.1. Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais. FQB5.1.2. Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.
B5.2	FQB5.2.1. Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.
B5.6	FQB5.6.1. Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.

2. Avaliación e cualificación

PROCEDEMENTOS:

Recuperación da 2ª avaliación suspensas. As actividades de recuperación, faranse sempre en beneficio do alumnado, ser prexudicarlle a nota media que ten das dúas primeiras avaliacións. Así mesmo a avaliación realízase sobre os estándares de aprendizaxe indicados na programación adaptada. Para a recuperación da 2ª avaliación estableceuse o seguinte:

Física e Química 3º ESO: A recuperación da 2ª avaliación, realízase cos seguintes procedementos e criterios de cualificación:

-Exame telemático sobre os estándares de aprendizaxe indicados na programación adaptada, cuxa nota (X) contribuirá nun 50% á nota da recuperación REC.

- Valoración dos boletíns de repaso da 2ª avaliación (Y) , que contribuirá nun 50% á nota da recuperación REC.

$$\text{Nota recuperación REC} = 0,5. X + 0,5. Y$$

Para aqueles alumnos que realizan recuperación, a nota final da avaliación obtérase do seguinte xeito:

-Farase unha media ponderada F, na que contribúe cun 80% a nota do exame de recuperación (REC) e un 20% a nota media ponderada dos exames da avaliación suspensa correspondente (A). $F = 0,8. REC + 0,2. A$

- Ao 80% da nota obtida no apartado anterior, F, sumárase a cualificación obtida no apartado B :“outros instrumentos de avaliación” valorado nun máximo de 2 puntos.

$$\text{Nota avaliación N. AV.} = 0,8. F + B$$

Se a nota resultante da media ponderada anterior sae menor que 5 puntos, e a nota da recuperación (REC) é maior ou igual a 5 puntos, a nota da avaliación (N. AV.) será 5.

Tendo en conta que, segundo as instrucións do 27 abril de 2020, as actividades realizadas na fase non presencial só poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado, entón , se unha vez realizado o exame de recuperación e as actividades de repaso, obtense ao final unha nota de avaliación (N.AV.) que é inferior á obtida na avaliación correspondente, manterase esta última como nota de avaliación.

Alumnos que se presentan a subir nota. O alumno terá dereito a presentarse **unha única vez** por avaliación a subir nota, que terá lugar xunto coa recuperación da avaliación. A nota correspondente obtérase:

- Exame telemático cuxa nota (X) contribuirá nun 50% á nota SN.

- Valoración dos boletíns de repaso da 2ª avaliación (Y) , que contribuirá nun 50% á nota SN .

$$\text{Nota SN} = 0,5. X + 0,5. Y$$

Farase unha media ponderada F, na que contribúe cun 80% a nota do exame de subir nota (SN) e un 20% a nota media ponderada dos exames da avaliación correspondente. $F = 0,8. SN + 0,2. A$

Ao 80% da nota obtida no apartado anterior F sumárase a cualificación obtida no apartado B :“outros instrumentos de avaliación” valorado nun máximo de 2 puntos.

$$\text{Nota avaliación N. AV.} = 0,8. F + B$$

Tendo en conta que, segundo as instrucións do 27 abril de 2020, as actividades realizadas na fase non presencial só poderán ter valor positivo para a cualificación do alumnado, entón , se unha vez realizado o exame de recuperación e as actividades de repaso, obtense ao final unha nota de avaliación (N.AV.) que é inferior á obtida na avaliación correspondente, manterase esta última como nota de avaliación.

Cualificación 3ª avaliación. A 3ª avaliación, realízase cos seguintes procedementos de cualificación:

-Exame telemático sobre os estándares de aprendizaxe indicados na programación adaptada , cuxa nota A contribuirá nun 50% á nota da 3ª avaliación.

- Valoración dos boletíns de ampliación avaliación (B) , que contribuirá nun 50% á nota 3ª avaliación

$$\text{Nota da 3ª avaliación} = 0,5. A + 0,5. B$$

Avaliación final. Realizarán o exame final aqueles alumnos que teñan suspensa a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, sempre que a media aritmética de ambas dúas sexa inferior a 5.

Unha vez feito o exame final das avaliacións suspensas correspondentes, se aproba dito exame a nota final será un 5. En caso contrario, estará suspenso. En caso de facer exame da 1ª e 2ª avaliación suspensas, farase a media aritmética: se a media da aprobado, a nota final será un 5 e, en caso contrario, estará suspenso.

Instrumentos: exame telemático e/ou presencial se é posible, boletíns de repaso e ampliación.

Avaliación

Cualificación final	<p>Cualificación final. Será a maior das dúas medias seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Nota media igual a media aritmética da nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións, unha vez contabilizadas as recuperacións e/ou subir nota respectivas. • Nota media igual a media aritmética da nota da 1ª e 2ª avaliacións, unha vez contabilizadas as recuperacións e/ou subir nota respectivas. <p>Aplicase a regra de redondeo: Redondearase á alza, de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Constará dunha presencial ou telemática da materia, segundo as instrucións das autoridades educativas, tendo en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da programación adaptada do 1º e 2º trimestre.</p>
Avaliación materia pendent	<p>Criterios de avaliación: Avaliaránse os estándares de aprendizaxe imprescindibles, ponderados cun 100%, aos que lle corresponden os criterios de avaliación correspondentes e que aparecen na programación didáctica do departamento.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación alumnos pendent Física e Química 2º ESO.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os alumnos realizarán unha serie de boletíns de exercicios e tarefas propostos que teñen que entregar semanalmente ao profesor, o cal fará un seguimento do alumno explicando as súas dúbidas nos exercicios propostos. A valoración destes boletíns (X) será como un máximo de 1 punto. • A materia pendente divídese en 2 partes A e B • Realizarase o correspondente exame de cada parte. As probas de cada parte versarán sobre os estándares de aprendizaxe mínimos (cuantificados 100%). $NOTA\ parte\ A = NOTA\ EXAME + X$ <p>Posto que, a 13 de marzo, data de suspensión das clases presenciais, realizouse o exame da parte A, quedando pendente a parte B.</p> <p>Para a avaliación da parte B, suprímese o exame e substitúese pola realización dunha tarefa de exercicios correspondente a esta parte B (Y), a realizar polo alumno.</p> <p>$Nota\ parte\ B = Y$</p> <p>A nota final será a media aritmética das dúas partes A e B: $NOTA = 0,5 \cdot parte\ A + 0,5 \cdot Y$</p> <p>Aplicase a regra de redondeo: Redondearase á alza, de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.</p> <p>Recuperación 1ª parte A. Para a recuperación desta parte, os alumnos realizarán un boletín de exercicios, que servirá para recuperar a parte A.</p>

Criterios de cualificación

Avaliación final. Realizarán o exame final aqueles alumnos que teñan suspensas as partes A e/ou B, sempre que a media aritmética de ambas partes sexa inferior a 5. Constará de un exame da parte ou partes suspensas, que será telemático e/ou presencial, segundo as instrucións das autoridades educativas,

Unha vez feita a avaliación final, a nota final na convocatoria ordinaria será igual a media aritmética da nota da 1ª e 2ª parte A e B, unha vez contabilizadas as notas obtidas no exame final da convocatoria de xuño. e/ou subir nota respectivas.

Aplícase a regra de redondeo: Redondearase á alza, de xeito que se a primeira nota decimal é igual ou superior a 5, engádese un punto a nota enteira.

A proba extraordinaria de setembro versará sobre a totalidade da materia e constará dun exame presencial ou telemático da materia, segundo as instrucións das autoridades educativas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Durante o 3º trimestre desenvolveranse actividades de recuperación para aqueles alumnos e alumnas que teñen algunha avaliación suspensa e actividades de repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores para todo o alumnado.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Presentación de contidos, actividades e tarefas pola aula virtual, a plataforma de videoconferencia Webex e, mediante o correo electrónico para alumnos con problemas de conectividade.
Materiais e recursos	Documentación teórica, boletíns de exercicios, simulacións online, vídeos, cuestionarios online de autocorrección.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Aula virtual e correo electrónico
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, na sección do departamento de Física e Química